

CORRESPONDENTES XUVENÍS 3.0



profesores (Marcos, Corona e Carme). Recibimos e difundimos a grande interese para o alumnado do noso instituto, a través da páxina web do centro, do espazo xuvenil habilitado na Biblioteca, de correos electrónicos, SMS, Redes Sociais ...

Os coordinadores e membros do programa Correspondentes Xovenís do IES Saturnino Montojo, estamos plenamente de acordo coa frase do escritor Zig Ziglar que di : **A nova información fai posible as novas ideas**; tamén coincidimos co actor Chris Hardwic cando afirma: **Xa non estamos na era da información. Estamos na era da xestión da información**. Por esta razón, ao longo deste curso, fixemos un esforzo para sumar estas dúas mensaxes e cumprir o noso cometido con responsabilidade e puntualidade.



A través dos taboleiros de Normalización ou das clases , da paxina Web, do punto de información da Biblioteca e do contacto directo nas propias aulas, mantivemos informados a todos os alumnos e alumnas sobre temas do seu máximo interese: convocatorias, certames, bolsas, campamentos, campos de traballo, estadias no estranxeiro, intercambios, vantaxes dos distintos carnés: carné xove, carné de alberguista, europeo... Tamén tratamos de axudar a interpretar e xestionar con eficacia toda esa información creando unha rede de traballo que a entregue filtrada, resumida e organizada.

Este é o segundo ano que participamos no proxecto, que pouco a pouco se vai consolidando entre o alumnado cada vez máis afeito a consultar a numerosa información que poñemos a súa disposición.

Sen dúbida, con este sistema somos un instituto moito máis informado, e de feito este curso foron bastantes máis os alumnos e alumnas que solicitaron informacións ou participaron en distintos certames e convocatorias.



Só podes aprender se ti mesmo te abres a diferentes fontes de información. (Frank Tankerton, atleta). Participamos activamente e con entusiasmo na difusión da información, indo polas aulas cada vez que unha actividade era seleccionada como de especial interese, por exemplos coa convocatoria de campus científicos, de bolsas para estudar no estranxeiro, de

certames como o de Google ou o da Xuventude Crea.

Ademais compartimos coa mocidade doutros centros iniciativas como **Xuventude Promete** e proximamente un campamento en Gandarío.

O feito de ser un equipo formado por alumnado de idades tan distintas permitiu unha interrelación pouco habitual nun instituto. As alumnas de 2º de BACH mesmo lles deron algunha clase aos compañeiros de 3º sobre o xeito de preparar presentacións en formatos novidosos para eles como prezi . Tamén lles comentaron de xeito directo o importante que fora na súa traxectoria académica e persoal ter formado parte de numerosas actividades extraescolares e complementarias.



Un exemplo do rendemento do programa foi a participación do noso centro na actividade **Xuventude Promete** Informámonos sobre a convocatoria da actividade e como a selección de participantes era por orde de inscrición, organizámonos para inscribirmos moitos rapaces e rapazas de 3º de ESO en canto abriu o prazo.



Xuventude Promete é un programa da dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado que pretende fomentar o emprendemento e o autoemprego entre os mozos e mozas de entre 14 a 18 anos mediante estadias emprendedoras (*living lab*) de tres días de duración, no albergue xuvenil Lug2, nos meses de febreiro e marzo.

Preténdese axudar aos participantes a descubrir a súa vocación e talento desde a educación non formal activa.

Trátase dunha actividade multidisciplinar para mozos e mozas que desexen experimentar e crear, baseándose no seu proxecto persoal, fomentando ideas innovadoras a través da creatividade, creando un espazo cristizador de vocacións.

Na primeira quenda participamos 12 estudantes e 3 monitores, dos cales 7 cursamos 3º ESO neste centro: Sara, Inés, Andrea, Iago, Lucía, Hugo e Candela (*de esquerda a dereita*)



Chegamos ao albergue Lugo 2 o luns 16 de Febreiro as 9:30 e mentres nos instalábase nas habitacións coñecemos aos nosos compañeiros de Lugo, Ourense e Vigo.

A continuación fixemos uns xogos para presentarnos, coñecemos aos monitores e nos explicaron en que consistían as xornadas.

Despois participamos nunhas actividades de carácter social. Representamos una comunidade de veciños nun edificio formado por diferentes etnias, profesións, idades, etc, por exemplo: unha familia numerosa, un pianista solteiro, una parella de anciáns, unha familia

xitana Tivemos que fixar as normas que rexeran esa comunidade respectando sempre as minorías. Aprendemos a poñernos na pel doutros que non pensan coma nós, e chegar a acordos que favoreceran a convivencia.

Outro xogo estaba relacionado cos estereotipos, noutros eliximos e representamos animais, tendo que localizar a outros da nosa especie cos ollos pechados, só polo seu son característico.

Pola tarde fixemos unha xincana por Lugo e tras a cea, paseamos pola cidade nun ambiente festivo polo Entroido.

Ao día seguinte, continuamos coas actividades: unha táboa de surf era o noso único medio de mantermos a flote no medio do océano: Que faríamos se no tiñamos lugar para todos? Sacrificaríamos a alguén? A quen?



Outros talleres trataban sobre os nosos obxectivos, a que nos gustaría dedicarnos na vida. Eliximos a nosa profesión e en grupos fixemos organizacións nas que desenvolvíamos esa tarefa, e como asociarnos con outras persoas para progresar.

Pola tarde realizamos un vídeo, organizando as cancións, os bailes, os disfraces. E pola noite de novo a pasear por Lugo

O último día fixemos un proxecto con materiais reciclados, cada un de nós fixo un obxecto distinto e despois tivemos que facer a campaña de marketing do mesmo.

Aprendemos a facer unha páxina web e visitamos a Fundación TIC en Lugo que colabora coa Universidade, realizando un informativo propio nun plato.



prime a convivencia e o respecto os demais.

En quendas sucesivas participaron máis de vinte rapaces e rapazas do noso instituto.

Resumindo, foi unha actividade interesante, pasámolo moi ben, traballando sobre valores de convivencia, aprendendo estratexias que nos axudaran a construír o noso futuro e contribuír a facer unha sociedade máis tolerante na que

